

**ANTONIO MOSQUERA RODRÍGUEZ, Secretario-Interventor do concello de Santiso (A Coruña),**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**4º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN PARA O ALLEAMENTO DE BENS MOBLES PATRIMONIAIS.-**

Acto seguido, e por parte da Alcaldía, dase conta a Xunta de Goberno Local, do contido do expediente incoado para o alleamento de bens mobles (camión) e en especial dos pregos de cláusulas administrativas que rexerán no proceso de poxa.

A vista do contido do mentado expediente de alleamento a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas que rexerán en dito proceso e cuio tenor e o seguinte:

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN O ALLEAMENTO DE BENS MOBLES PATRIMONIAIS SEN SERVIZO.**

**1ª. OBXECTO**

O presente prego ten por obxecto regular o alleamento dos bens mobles que se citan a continuación e que son propiedade do Concello de Santiso:

- \* Camión IVECO modelo ML170E23,
- \* Matrícula O-5803-BS
- \* PTMA: 18.000 kg.
- \* Cilindrada: 5861
- \* Anchura: 2.500
- \* Lonxitude: 1.780
- \* Motor: Diésel
- \* Potencia: 167KW
- \* Km: 92.471 km
- \* ITV: en vigor ata 12/02/2022
- \* Configuración: Camión volquete con grua.

**2ª.PREZOS E TIPOS DE LICITACIÓN**

O prezo dos referidos bens establececes en TRES MIL euros (3.000,00€), mellorables á alza. Serán de conta do adxudicatario os gastos orixinados da contratación.

**3ª.PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**

A adxudicación dos presentes contratos realizarase por poxa á alza.

Este contrato será obxecto de tramitación ordinaria, polo procedemento aberto.

O anuncio de licitación publicarase no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*. A efectos puramente informativos, o Órgano de contratación poderá anunciar a licitación nos medios de comunicación que considere oportunos.

**4ª. FORMA DE PAGO**

Os adxudicatarios abonarán, no prazo dun mes a contar dende a recepción da notificación do acordo de adxudicación e previamente á formalización do contrato, as cantidades respectivas de adxudicación, mediante



ingreso a favor do Concello no número de conta que se indique.

### 5ª. CAPACIDADE DOS LICITADORES

Poderán tomar parte no proceso de licitación todas as persoas físicas ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas nalgunha das circunstancias de prohibición para contratar recollidas na normativa de contratación pública, presentando oferta de acordo co modelo de proposición que se determina no presente prego.

### 6ª. GARANTÍAS PROVISIONAL E DEFINITIVA

Estes contratos decláranse exentos de constitución de garantías, tanto de tipo provisional como definitiva.

### 7ª. PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

a) As proposicións serán secretas e axustaranse ao modelo previsto neste prego, sen emendas nin riscadas, e a súa presentación implica a aceptación incondicionada polo licitador de todas as prescricións incluídas neste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar pola administración. Deberán ir asinadas por quen as presenta.

As proposicións presentaranse no rexistro de entrada de documentación do Concello, en horas de oficina durante o prazo de **QUINCE DÍAS NATURAIS**, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, finalizando o prazo ás 14:00 horas do último día hábil.

As proposicións poderán tamén ser enviadas por correo, nese caso o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día, e se é o último día da presentación de ofertas antes das 14:00 horas. Sen a concurrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se a mesma é recibida con posterioridade da data de terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorrido os dez (10) días naturais seguintes dende a recepción da comunicación sen recibirse a proposición, esta non será admitida, e poderá procederse pola mesa de contratación á apertura das plicas efectivamente presentadas en prazo.

b) Presentaranse nun sobre pechado no que figurará a inscrición *Proposición para tomar parte no concurso para o alleamento de bens mobles propiedade do Concello de Santiso*.

Dentro deste sobre maior conteranse *dous sobres*, "A" e "B", pechados coa mesma inscrición referida no apartado anterior, e co subtítulo que se indica no parágrafo seguinte.

- O sobre "A" subtitularase *"Documentación acreditativa da personalidade e características do contratista"*, e conterá os documentos ou copias autenticadas dos mesmos, que a continuación se sinalan:

- a) Documento Nacional de Identidade ou fotocopia compulsada.
- b) Documento Nacional de Identidade e escritura de Poder, bastanteada e legalizada, no seu caso, si se actúa en representación doutra persoa.
- c) No caso de tratarse dunha persoa xurídica, escritura de constitución da sociedade mercantil inscrita no Rexistro Mercantil, e número de identificación fiscal, cando concorran unha sociedade desta natureza. Se non for esixible a inscrición da persoa xurídica no Rexistro Mercantil, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regulan a súa actividade.
- d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratación previstas na normativa de contratación pública. Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións legais vixentes (anexo I).
- e) Dirección, teléfono, fax ou correo electrónico do licitador ou o seu representante na contratación.

- O sobre "B" subtitularase *"Oferta Económica"* e responderá ao seguinte modelo:

O abaixo asinante D. ...., maior de idade, con D.N.I. nº..... e domicilio a efectos de notificacións en ....., en nome propio/ou en representación de ..... con C.I.F da Empresa ....., tendo coñecemento da convocatoria da poxa anunciada no *Boletín Oficial da Provincia* de data ....., solicita tomar parte nesta licitación para o alleamento dos bens mobles obxecto desta poxa e comprométese a adquirir os mesmos ao prezo de :

Camión IVECO modelo ML170E23.....//.....//

Lugar, data e firma (lexible)

### 8ª. EXAME DO PREGO

O prego de condicións desta poxa poderá ser examinado e obterse copias do mesmo no Concello de Santiso, dende a publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, ata o día da finalización do prazo para a presentación de proposicións.



## **9ª. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Os criterios de valoración para a resolución da poxa son os de puntuar a mellor oferta con 100 puntos e o resto, sempre que igualem ou superen o tipo, coa puntuación que lle corresponda coa regra da proporcionalidade directa. Cando exista igualdade entre dúas ou máis proposicións, realizarase un sorteo público.

## **10ª. MESA DE CONTRATACIÓN.**

A Mesa de Contratación será a mesa permanente nomeada polo pleno municipal en data de 9 de agosto de 2019.-

Presidente/a: Alcalde-Presidente do concello ou quen legalmente o substitúa.-

Vogais : Secretario-Interventor ou quen legalmente o substitúa.-

Dna. María Teresa Alcalde Valle.-

Secretario/a: Maria del Carmen Pulleiro Guerreiro.-

## **11ª. CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL**

1.- Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación, procederá a abrir os sobres "A" presentados en tempo e forma, e cualificará a documentación xeral contida neles, si se dese o caso de que a proposta fose remitida por correo, a apertura retrasarase ata o prazo establecido na cláusula 7ª

ª. Se a Mesa observase defectos ou omisións enmendables na documentación presentada, comunicaraos aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias apuntadas deberán de notificarse aos afectados, concedéndose un prazo de cinco días hábiles para que os licitadores corríxanos ou emenden ante a propia Mesa de Contratación.

2.- Se a documentación contivese defectos non enmendables ou deficiencias materiais non enmendables, rexeitarase a proposición.

## **12ª. APERTURA DAS PROPOSICIÓNS E ADXUDICACIÓN**

1. A Mesa de Contratación reunirse ás trece horas do terceiro día hábil seguinte ao que termine o prazo sinalado na cláusula 7ª. Reunirse en acto público e dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores nos sobres "A", indicando os admitidos, os excluídos e as causas da exclusión, convidando aos asistentes a formular as observacións que se recollerán na acta da reunión.

2. A continuación, pola secretaría da Mesa procederá á apertura dos sobres "B" presentados polos licitadores admitidos e dará lectura ás súas proposicións económicas.

3. A Mesa de Contratación formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación. Esta proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do contratista ou contratistas incluído nela.

4. Procederáse á adxudicación no prazo de 1 mes a partir do día seguinte da apertura das plicas, debendo notificarse a mesma aos licitadores. No entanto, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

## **13ª. SUPLENCIAS**

Cando non proceda a formalización do contrato polo licitador que resultase adxudicatario, por calquera motivo, antes de proceder a unha nova convocatoria, o concello efectuará unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas.

## **14ª. GASTOS**

Serán de conta do adxudicatario todos os gastos relacionados co expediente tales como anuncios, impostos que procedan, honorarios, etc.

## **15ª. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

## **16ª. OBRIGACIÓNS DO ADXUDICATARIO**

O adxudicatario estará obrigado ao estrito cumprimento das obrigacións establecidas neste prego.

## **17ª. OBRIGACIÓNS DO CONCELLO**

O Concello comprométese a transmitir a plena propiedade e posesión do bens mobles obxecto destas licitacións dende o mesmo momento da formalización en escritura pública do presente contrato.

## **18ª. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

O contrato extínguese por cumprimento ou por resolución do mesmo.

O cumprimento das obrigacións adquiridas polas partes en execución deste contrato determina a extinción normal do mesmo.



A resolución do mesmo poderá ter lugar pola concorrencia dalgunha das causas previstas neste prego e polas demais previstas no Código Civil para o contrato de compravenda, coas responsabilidades e indemnizacións que poidan proceder a favor da parte non responsable da causa de resolución.

É causa de resolución do contrato o incumprimento por algunha das partes dos compromisos ou obrigacións asumidas no contrato e establecidas neste prego.

#### 19ª. NATUREZA E XURISDICIÓN

Os contratos que regulan este prego teñen natureza xurídico-privada, e rexeranse pola lexislación patrimonial. Corresponde aos órganos da orde xurisdiccional civil o coñecemento das cuestións litixiosas que puidesen xurdir entre as partes. Non entanto, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa de acordo coa normativa reguladora de devandita xurisdición, tal e como establece o artigo 110.3 da LPAP.

Os efectos e extinción rexeranse polas normas de dereito privado.

### ANEXO I

#### DECLARACION RESPONSABLE

\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_, co NIF núm. \_\_\_\_\_, en representación da entidade con NIF núm. \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación no proceso para alleamento de bens mobles patrimoniais ante o Concello de Santiso (A Coruña).

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar no proceso para alleamento de bens mobles patrimoniais ante o Concello de Santiso (A Coruña).

#### **SEGUNDO:**

Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e áchase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador [*só en caso de empresas estranxeiras*].

**TERCEIRO.** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022.-

Firma do candidato, Asdo.: \_\_\_\_\_.».

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

